

**ASUNTO:** POSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PARA AFRONTAR O DETERIORO DA MAGDALENA.

A. **CONCLUSIÓNS** sobre o proxecto presentado pola Demarcación de Costas de Galicia, titulado, “*MEMORIA RESUMEN, actuaciónes en la morfología en la playa de la Magdalena en Cedeira*”

B. **PROPOSTAS** de actuación.

A. **CONCLUSIÓNS** sobre o proxecto presentado pola Demarcación de Costas de Galicia, titulado, “*MEMORIA RESUMEN, actuaciónes en la morfología en la playa de la Magdalena en Cedeira*”.

1. En canto á dinámica mariña, elemento primordial para preparar a toma de decisións, ten máis de conxeturas que de certidumes contrastables.
2. Posúe certos elementos descriptivos de importancia, pero solamente inmersos nun estudio máis consistente, cobrarían valor.
3. É contradictorio na diagnose e non pondera nin prioriza os elementos causales, en que medida é responsable o espigón, o ascenso do nivel das augas, a urbanización da praia natural, etc.
4. Non afronta o tema de maneira integral. Non considera a ría como un sistema composto de moitos elementos interconectados.
5. Non xustifica algunhas das propostas planteadas, como a do dique fluvial.
6. Falla de concreción na “eliminación da vexetación exótica” sen considerar que desmantelar a cuberta vexetal tornará en máis inestable o subsistema dunar.
7. Algún parágrafo parece aceptar a posibilidade de utilizar area externa, cuestión que nós non contemplamos. O trasvase, inevitable e urxente, deberá ser interior.

B. **PROPOSTAS** de actuación

Efectivamente, quen propón a necesidade de realizar un estudio de impacto ambiental, non vai por mal camiño. Toda intervención desta natureza leva implícito, por esixencia legal, a súa avaliación de impacto. Pero incluso isto, como elemento precautorio parécenos pouco. Non se trata xa de avaliar a proposta de Costas, senón de paralizar de inmediato toda intervención dura, de efectos desfavorables descoñecidos e de dubidosos efectos positivos.

**ASUNTO:** POSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PARA AFRONTAR O DETERIORO DA MAGDALENA.

- A. CONCLUSIÓNS sobre o proxecto presentado pola Demarcación de Costas de Galicia, titulado, “*MEMORIA RESUMEN, actuaciónes en la morfología en la playa de la Magdalena en Cedeira*”
- B. PROPOSTAS de actuación.

Costas debe concitar o concurso de toda a comunidade científica, técnica, económica, social, cultural e institucional implicada. Dicimos Costas porque de forma global cremos que ela é a máxima responsable, pero dicimos tamén Portos de Galicia, Concello de Cedeira, Cofraría de Pescadores, etc.

- ✓ Mentras tanto hai que tomar, **de maneira inmediata**, decisións, reversibles, blandas que aprendendo de experiencias levadas a cabo noutros países nos permitan afrontar o verán con certas garantías. Algúns científicos implicados na problemática local cedeiresa apuntaron xa posibles camiños. Reiteramos o carácter inmediato na consideración de que estamos fronte a unha situación de emerxencia, trasvase interior e sacos de área autóctona protexendo a duna. Esta medida non requiriría avaliación de impacto ambiental.
- ✓ Marcarse un período de tempo para determinar de forma colectiva, con claridade e transparencia, o estado do “sistema ria de Cedeira” e determinar o que esperamos dela, para o que non deberíamos invertir mais duns **meses**.
- ✓ Tomar decisións a **longo prazo**, como comunidade que teñen que ver con medidas urbanísticas, plans de mobilidade, papel da zona portuaria, reserva mariña, explotación turística, elementos de identidade etnográfica, etc.

Em Cedeira, a 6 de febreiro de 2014

JOSÉ LUIS VERGARA REY

Portavoz